

## **O IES Número 1 despide o curso coa oitava edición da *Revista Viva. Nós de Nós***

*A gala terá lugar o martes 18 a partir das 17:00 no Teatro Principal e está convidada a asistir toda a comunidade educativa e a veciñanza da Estrada.*

*Contará coa participación do alumnado e as colaboracións do contador Celso Fernández Sanmartín, o escritor e músico Xurxo Souto e o grupo Á Par do Canto con Manuele Pardo e David Canto.*

*No seu transcurso entregarase o IX Premio IES-G polo apoio e promoción do galego no sector comercial e empresarial a Anacos Educativos.*

O Teatro Principal da Estrada acollerá este martes 18, a partir das 17h, a VIII Revista Viva “Nós de Nós”, gala recuperada o ano pasado para festexar a actividade escolar dun curso que remata. O alumnado será quen guíe e protagonice un acto que terá como fíos condutores a música, o teatro e a narración oral, a literatura, a lingua e diversos recoñecementos.

As historias de Celso Fernández Sanmartín, o achegamento a Luísa Villalta por parte do escritor e músico Xurxo Souto e as músicas de Á Par do Canto (Manuele Pardo & David Canto) alternaranse coa representación de “Unha animala de obra”, do grupo de teatro dirixido por Cristina Andrade, as actuacións musicais e as coreografías do alumnado e os diferentes premios de xadrez, literarios e audiovisuais escolares. Así mesmo, entregarase o IX Premio IES-G ao apoio e á promoción do galego no ámbito local a Anacos Educativos, empresa socioeducativa e cultural estradense. O deseño visual da gala e do galardón corre a cargo da ilustradora Rosa de Cabanas.

Ao acto pode asistir a comunidade educativa e a veciñanza pois quere ser a mostra dun instituto vivo, aberto, dinámico, activo e comprometido co ensino público e a súa contorna. A festa terá continuidade ás 20h na Casa das Letras coa presentación do libro de Xurxo Souto “Somos un pobo de artistas (O método Luísa Villalta)”, organizada conxuntamente pola Asociación Cultural “Vagalumes” e o IES N.º 1.